

PROCESO DE SELECCIÓN DUN PEÓN DE BRIGADA PARA PRESTAR SERVICIOS COMO PERSOAL TEMPORAL NO CONCELLO DE PORTOMARÍN, AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE PORTOMARÍN.

Sendo as dez horas do día vinte e seis de agosto de dous mil vinte, reúnese no Salónde Plenos do Concello de Portomarín, os/as membros do Tribunal que a continuación se relacionan, para levar a cabo a constitución do Tribunal e a valoración da experiencia laboral do proceso selectivo dun Peón de brigada para prestar servizos como persoal temporal no concello de Portomarín, ao abeiro do convenio de colaboración suscrito entre a consellería do medio rural e o concello de Portomarín.

PRESIDENTE

D. José Ramón Gallego Fernández, Psicólogo da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS

Dona Marta Herbón Meilán, Enxeñeira Técnica de Obras Públicas do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Dona Andrea Macho García, Técnica de Xestión Medioambiental na Sección de Medioambiente da Deputación de Lugo.

Dona Ángeles Rivas Vázquez, Xefa da Sección de Contabilidade e Contas do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

SECRETARIA

Dona Alicia de la Iglesia López, funcionaria do Concello de Portomarín.

Unha vez no Concello de Portomarín, o Tribunal, despois de constituírse, asina as declaracións xuradas pertinentes, que se inclúen na presente acta.

A continuación, procede a ler as bases do proceso selectivo, observando que:

- No apartado de experiencia laboral, só poderá terse en conta a experiencia desempeñada na Administración Pública no mesmo posto a que se aspira.
- No apartado de proba de aptitude, queda a criterio do Tribunal o tipo de proba, non sendo esta nin obrigatoria nin eliminatória.

Á vista das base o Tribunal decide por unanimidade preparar un exame test de 10 preguntas con 3 respostas posibles e só unha válida, e sen que descuenten as preguntas mal contestadas, para contestar en 20 minutos, sobre as funcións relacionadas nas bases do proceso. Tamén se engaden dúas preguntas reserva.

Unha vez preparado o exame, o Tribunal procede a revisar a experiencia dos aspirantes, outorgándolles, por unanimidade, as seguintes puntuacións:

Na presente acta inclúense as follas individuais da experiencia relacionada de cada aspirante.

EXPERIENCIA PROFESIONAL (Base 6.II) (Máximo 4 puntos)

O Tribunal encargado de xulgar o proceso selectivo acordou conceder por unanimidade as seguintes puntuacións relativas aos méritos aportados e acreditados polos aspirantes:

| APellidos e Nome | Puntuación |
|--------------------------|------------|
| GÓMEZ CUIÑA, ADRIÁN | 0 |
| IGLESIAS SEOANE, RUBÉN | 4 |
| LÓPEZ GARCÍA, MATEO | 0 |
| RIVAS FOLGUEIRA, SANDRA | 4 |
| VÁZQUEZ CAINZOS, JESÚS | 4 |
| VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, ANGEL | 0 |

O Tribunal pecha a sesión ata a celebración da proba de aptitude.

PROBA DE APTITUDE (BASE 6.I.) (Máximo 20 puntos)

Sendo as 12 horas, o Tribunal procede a chamar aos aspirantes para a realización da proba, aos que se lles entrega o exercicio tipo test nun sobre que contén un bolígrafo e unha tarxeta co nº de control para garantir o anonimato na realización e corrección do exercicio. Non se presenta ao exercicio D. Jesús Vázquez Caínzos Explícaselles que no exame só deben poñer o número da tarxeta. Dáselles 20 minutos para a realización do mesmo.

A continuación, e sendo as 12 horas e 25 minutos, os aspirantes entregan os exercicios e saen da Sala, procedendo o Tribunal á corrección do mesmo.

O Tribunal, por unanimidade, outorga as seguintes puntuacións:

| Nº DE CONTROL | PREGUNTAS CORRECTAS | PREGUNTAS INCORRECTAS | Puntuación |
|---------------|---------------------|-----------------------|------------|
| 2 | 7 | 3 | 14 |
| 3 | 9 | 1 | 18 |
| 4 | 8 | 2 | 16 |
| 5 | 7 | 3 | 14 |
| 6 | 9 | 1 | 18 |

Alu.

Rivas

IDENTIFICACION DOS ASPIRANTES.

Rematada a proba e publicado o resultado no taboleiro, o Tribunal procede a apertura pública do sobre que contén as tarxetas identificadoras co número de control dos participantes no proceso selectivo, resultando como segue:

| Nº DE CONTROL | APELIDOS E NOME |
|---------------|--------------------------|
| 2 | LÓPEZ GARCÍA, MATEO |
| 3 | RIVAS FOLGUEIRA, SANDRA |
| 4 | VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, ANGEL |
| 5 | IGLESIAS SEOANE, RUBÉN |
| 6 | GÓMEZ CUIÑA, ADRIÁN |

CUALIFICACIÓN FINAL

O Tribunal procede a establecer as cualificacións finais dos aspirantes, resultado da suma das puntuacións acadadas por cada un deles na fase de oposición e na fase de concurso:

| APELIDOS E NOME | PUNTUACIÓN EXPERIENCIA | PUNTUACIÓN PROBA APTITUDE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|--------------------------|------------------------|---------------------------|------------------|
| GÓMEZ CUIÑA, ADRIÁN | 0 | 18 | 18 |
| IGLESIAS SEOANE, RUBÉN | 4 | 14 | 18 |
| LÓPEZ GARCÍA, MATEO | 0 | 14 | 14 |
| RIVAS FOLGUEIRA, SANDRA | 4 | 18 | 22 |
| VÁZQUEZ CAINZOS, JESÚS | 4 | 0 | 4 |
| VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, ANGEL | 0 | 16 | 16 |

ASPIRANTE SELECCIONADO

| APELIDOS E NOME | PUNTUACIÓN TOTAL |
|-------------------------|------------------|
| RIVAS FOLGUEIRA, SANDRA | 22 |

PROPOSTA DO TRIBUNAL

O Tribunal, á vista da lista do aspirante seleccionado, formula proposta de selección, a favor de **Dona Sandra Rivas Folgueira** para prestar servizos, no Concello de Portomarín, como **Peón de Brigada** como persoal laboral temporal ao abeiro do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rurale o Concello de Portomarín.

BOLSA DE TRABALLO (Base 9)

Así mesmo, propónse a seguinte listaxe, pola orde de puntuación, para o caso de que se produciase a vacante do posto. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios forestais para o ano 2020.

| APELIDOS E NOME | PUNTUACIÓN TOTAL |
|--------------------------|------------------|
| GÓMEZ CUIÑA, ADRIÁN | 18 |
| IGLESIAS SEOANE, RUBÉN | 18 |
| VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, ANGEL | 16 |
| LÓPEZ GARCÍA, MATEO | 14 |
| VÁZQUE CAINZOS, JESÚS | 4 |

Ao producirse un empate entre dous aspirantes, o Tribunal, sigue a Base 6, criterios de selección, que literalmente, di:

No caso de empate terán preferencia aqueles candidatos que acrediten experiencia profesional en prevención e extinción de incendio no Concello de Portomarín. Se aínda si persiste o empate, terá preferencia o que acadara máis puntuación na proba de aptitude e por último, o sorteo”.

Tendo en conta que ningún dos aspirantes empatados acreditou experiencia no Concello de Portomarín, acúdese ao segundo criterio de desempate, é dicir a maior puntuación na proba de aptitude.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por pechada a sesión sendo as 13 horas e cincuenta minutos do día 26 de agosto de 2020.